



*Nota de prensa*

*Trátase dun dos maiores estudos de mercado do sector do retail*

## **EROSKI ÁLZASE CON TRES GALARDÓNS NOS PREMIOS COMERCIO DO ANO**

- **Por sexto ano consecutivo, os consumidores elixen EROSKI como o mellor Supermercado *Online***
- **Tamén recibiu o "Premio Mellor Comercio do Ano" nas categorías de Supermercados de Proximidade e de Franquías**

Elorrio, 21 de outubro do 2022.- [EROSKI](#) alzouse con tres galardóns na duodécima edición dos [Premios Comercio do Ano 2022-2023](#). Concretamente foi premiada nas categorías de comercio *online*, supermercados de proximidade e franquías. Estes recoñecementos foron concedidos polas persoas consumidoras no maior certame de consumidores de España e un dos maiores estudos de mercado do sector do *retail*.

### **WebShop do ano**

Por sexto ano consecutivo, EROSKI recibiu o galardón 'WebShop do ano' na categoría de supermercados *online*. Na votación, as persoas consumidoras valoraron variables como a relación calidade-prezo, a amplitude da oferta, o servizo ao cliente, a entrega de pedidos, as promocións e ofertas, as modalidades de pagamento ou a experiencia do usuario, entre outras.

O [supermercado EROSKI online](#) conta con máis de 15.000 referencias de alimentación e frescos, e dende este ano con máis de 4.000 referencias de non alimentación que inclúen bazar, electrodomésticos e téxtil, para asegurar a máxima cobertura de necesidades do cliente na súa cesta da compra. Trátase dun servizo que presenta as vantaxes comerciais do mundo físico no supermercado *online*, garante unha experiencia de compra uniforme entre canles e ofrece a posibilidade de recollida de compras *online* de xeito gratuito e inmediato.

*"As persoas consumidoras trasladáronnos, segundo datos dunha enquisa interna que lles realizamos a 3.500 clientes, que valoran a omnicanalidade do noso servizo, porque dispoñen de todas as súas compras de tenda física a golpe dun clic para faceren a compra online de xeito rápido e pola nosa extensa rede na que recoller os pedidos de maneira gratuíta e inmediata. Ademais, aprecian tamén a facilidade para aforrar, pois poden localizar axiña os produtos de oferta e combinalos entre si. Tamén valoran moi positivamente a puntualidade e trato dos que reparten os pedidos, a posibilidade de poder facer a compra ata as 2 da madrugada con servizo*

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**



ao día seguinte e o aviso con antelación das faltas e posibles substitucións", detallou a directora de Negocio Online de EROSKI, Mari Mar Escrig.

### **Mellor Comercio en Supermercados de Proximidade e Franquía**

EROSKI tamén foi elixida polos consumidores como a mellor proposta nas categorías de 'Supermercados de Proximidade' e de 'Franquías de supermercados'.

*"Este triplo premio confirma que a nosa proposta omnicanal é apreciada en toda a súa dimensión polos consumidores, que atopan en todos os nosos formatos e canles resposta ás súas necesidades. E é que en EROSKI innovamos cada día para mellorarmos a nosa relación co cliente e para lle ofrecermos unha proposta atractiva e personalizada",* afirmou o director de Supermercados e Procesos de EROSKI, Alberto Madariaga.

Estes galardóns supoñen un recoñecemento aos eixes principais do seu modelo comercial "contigo", que se caracteriza por unha forte aposta polos produtos locais e frescos de tempada, a promoción da alimentación saudable e sostible, atención personalizada, novas formas de aforro na cesta da compra diaria e innovacións tecnolóxicas para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

Na franquía EROSKI impleméntase tamén este modelo comercial, que integra todas as características, avances e vantaxes da rede de tendas propias EROSKI. Conta con diferentes formatos comerciais, entre os que destacan EROSKI City para supermercados de proximidade, de 250 a 400 metros cadrados, con ampla variedade de alimentación, frescos en libre servizo e atención personalizada, e EROSKI Rapid, un formato de ultra proximidade e conveniencia de aproximadamente 150 metros cadrados, que fai posible unha compra cómoda, rápida e completa, e con capacidade de adaptación a case calquera situación - cidades, gasolineras, universidades, zonas turísticas, praias...-.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

**Sala de prensa online**